



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIARIA 2015-2016 PARA EDUCACIÓN ESPECIAL

Con base no convencemento de que a educación é unha clave fundamental para promover unha seguridade viaria, o motor do programa proposto é facilitar aos mozos/mozas e nenos/as do noso municipio estratexias e recursos de mobilidade segura, buscando que sexan usuarios das vías responsables e conscientes dos posibles perigos que existen no seu día a día, xa sexa como peóns, condutores de bicicletas ou pasaxeiros de vehículos, sempre co fin de favorecer a súa autonomía progresiva.

Con este proxecto queremos cubrir un espazo educativo transversal que se atopa lexislado na normativa educativa e diminuír o número de vítimas de accidentes de tráfico que se producen ao longo do ano. Entendemos que un dos mellores xeitos de erradicar esta lacra social é a través da educación, que promoverá unha cultura viaria dirixida á seguridade sostible tal como recolle o Plan estratéxico europeo en materia de seguridade viaria 2011-2020.

O programa está deseñado con base nos seguintes obxectivos:

- Fomentar a educación viaria como actividade nos colexios e asociacións.
- Dar a coñecer as normas básicas que atinxen a este colectivo máis vulnerable, como peóns e usuarios de vehículos.
- Crear hábitos en relación co uso diario que fan das vías públicas.
- Familiarizar ao alumnado coas mensaxes que transmiten os sinais de tráfico, manexando cores e formas.
- Posibilitar que se integren na súa contorna viaria como usuarios/as frecuentes.
- Inicialos/as no respecto polas normas.



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

- Promover que as normas e valores inculcados na aula non queden só alí senón que se integren no contexto diario, o que axudará a reforzar uns hábitos de comportamento seguros e respectuosos coa seguridade viaria. Ademais axudará a favorecer a súa autonomía!

Para finalizar, gustaríanos acadar un compromiso cos colexios e coas asociacións de Compostela en torno á seguridade viaria, tendo en conta que é unha cuestión que nos afecta a todos e todas, escolares, pais e nais, familias, profesionais da educación, amizades e administracións públicas. Recordemos que todos formamos parte da seguridade viaria, porque todos circulamos polas vías públicas e ademais temos que ter presente que a mobilidade implica ao mesmo tempo liberdade e risco. Colaboremos a que a concienciación viaria dos pequenos da nosa cidade sexa máis responsable e máis segura.

A seguir incluímos o esquema de contidos que seguiremos no programa de educación viaria.

PROGRAMA:

- Coñecer as normas principais que regulan o uso das vías públicas por parte dos peóns.
- Entender o funcionamento dos semáforos peonís e a súa aplicación práctica.
- Asimilar hábitos correctos para cando viaxen en vehículos de transporte colectivo ou particular.
- Afianzar as normas básicas de circulación.
- Observar e valorar os perigos de cruzar só (lugares inseguros).
- Saber actuar no caso de verse implicado nun accidente de circulación ou ante calquera situación de perigo ou emerxencia.



CONTIDOS:

COMPORTAMENTOS SEGUROS COMO PEÓNS

- Como circular pola beirarrúa (Uso de móbiles, cascos de música...)
- Como comportarse ante unha saída dun garaxe.
- Como cruzar unha rúa (pasos de peóns, pasos de peóns regulados por semáforos...).
- Como circular por unha vía interurbana. A importancia do uso do chaleco.
- Como cruzar unha vía interurbana (lugares máis adecuados para cruzar).
- Como circular de noite (ver e ser vistos, uso do chaleco...).

COMPORTAMENTOS SEGUROS COMO POSIBLES USUARIOS DE TRANSPORTES PÚBLICOS

- Como comportarse nunha parada de bus.
- Como comportarse ao subir e ao baixar do bus
- Como comportarse durante o traxecto

COMPORTAMENTOS SEGUROS COMO USUARIOS DE BICICLETAS

- Uso do casco.
- Facerse visible pola noite.
- Circular a velocidades axeitadas.
- Fóra da cidade (vías interurbanas).
- Uso de rutas seguras.
- Respecto polas normas.
- Mantemento da bicicleta en bo estado.

COMPORTAMENTOS SEGUROS COMO POSIBLES USUARIOS -PASAXEIROS OU CONDUTORES - DE CICLOMOTORES OU MOTOCICLETAS



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

- SEMPRE levar o casco posto e abrochado.
- Levar sempre cazadora e luvas.
- Procurar no utilizar chanclas ou pantalóns curtos.

COMO ACTUAR ANTE UN ACCIDENTE OU UNHA EMERXENCIA

- Pautas de actuación. Protéxete. Avisa. Socorre.
- Non camiñar pola calzada.
- Importancia do uso dos triángulos de perigo en accidentes de circulación.
- Coñecer o número de teléfono 112. Cando e como usalo?
- Esperar fóra da vía a chegada dos servizos de urxencias (policía, ambulancia, bombeiros...).

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

A materia que se imparte nos cursos de educación especial está estruturada en dous módulos, un teórico e outro de carácter práctico.

MÓDULO 1.- O contido da parte teórica desenvolverase con material da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, da Fundación Mapfre e con material propio deseñado polo Departamento de Educación Vial da Policía Local de Santiago de Compostela. Nel, o alumnado, xunto co monitor, repasará os conceptos máis importantes relacionados coa seguridade viaria.

MÓDULO 2.- Sesión práctica na que se realizará unha actividade destinada á comprensión e interiorización dos coñecementos adquiridos nas clases teóricas, axudando a que se perciba a necesidade das normas e do seu respecto.

Entre as actividades incluídas neste módulo destacamos:

- Percorrido peonil: Consiste nun itinerario pola rúas da nosa cidade no que, co acompañamento de monitores, se practica o aprendido na sesión teórica, é dicir, como circular pola beirarrúa, formas seguras de cruzar a rúa, saídas



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

de garaxes etc., analizando os riscos que podemos atopar e buscando posibles solucións.

- Transporte urbano: Este é un dos aspectos máis importantes da súa autonomía xa que lles permitirá poder desprazarse por si mesmos/as. Practicaremos o uso deste medio coa colaboración da empresa TUSSA.
- Seguridade persoal: Para reforzar este aspecto, durante o percorrido peonil varios policías vestidos de paisano poderán achegarse para conversar con algún alumnado para lle facer preguntas de carácter privado, ofrecer algo ou pedirlle que suba ao seu vehículo particular. Deste xeito poderanse comprobar as reaccións dos/as alumnos/as.

RECURSOS

Os centros deberán dispoñer, para a realización da sesión teórica, dunha aula provista cunha pantalla con canón de proxección na que se poida conectar un ordenador portátil e uns altosfalantes.

Todo o material que se achegue como apoio da actividade será facilitado a través do Departamento de Educación e Seguridade Vía da Policía Local de Santiago de Compostela.

Deberase nomear un coordinador de cada centro que participe neste programa, para poder estar en comunicación coa Policía.



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

OBSERVACIÓNS

- Cada grupo terá un máximo de vinte persoas, podendo establecerse varios grupos na mesma data. Cando se solicite a actividade deberase aclarar o número de nenos/as e a idade media do grupo que vai participar. Se non tiveran unha capacidade intelectual correspondente coa súa idade, indicárase o grao estimado que ten cada grupo para adaptar o contido ás súas necesidades, sendo:
 - A- correspondencia con educación infantil
 - B- có primeiro ciclo de primaria
 - C- có segundo ciclo de primaria
 - D- có último ciclo de primaria
 - E- equivalencia a educación secundaria
- Todos os centros participantes nas actividades de educación viaria deseñadas por este departamento que se atopen interesados en continuar coa formación en educación viaria deberán enviar a través do coordinador unha mensaxe ao seguinte correo electrónico educacionvial@santiagodecompostela.gal